

10 medidas para o ensino en confinamento

- 1** Cómpre auto-coidarse e atenderlles aos **COIDADOS** e á **COMUNICACIÓN**, tanto co propio alumnado como coas súas familias e entre o profesorado. A empatía e a colaboración son vitais neste momento.
- 2** Saudamos as novas medidas que permitirán un pequeno **RESPIRO Á INFANCIA**, agardando que, na súa aplicación e dentro do respecto ás condicións de seguridade, se poida actuar con flexibilidade, atendendo a diferentes situacións.
- 3** É necesaria unha maior **COORDINACIÓN** e consulta da Administración en canto ao que deben ser os criterios de tele-traballo co alumnado, tanto en horarios como en comunicación, tarefas e contidos.
- 4** Débense tomar medidas ante a evidente **FENDA DIXITAL**, que á súa vez evidencia a **FENDA SOCIAL** e mesmo de **XÉNERO**, amosando as tan diferentes condicións nas que as persoas viven este confinamento, así como tamén o seguimento académico. A educación é un dereito para toda a cidadanía.
- 5** É mester modular con tino as **TAREFAS** que creen ansiedade, tanto pola cantidade como pola dificultade. Agora o desenvolvemento curricular varía e non é ordinario. Primemos as propostas imaxinativas, críticas, colaboradoras, diverxentes... aproveitando o que estamos aprendendo nesta situación. Defendamos o carácter global, aberto e plural que o currículo escolar debe asumir, dándolle a maior importancia ao desenvolvemento emocional.
- 6** Hai que afondar nas posibles maneiras de **RECUPERAR** academicamente este tempo incómodo sen crearmos sensación de desbordamento no alumnado, nin nas familias, nin no profesorado, aplicando medidas compensatorias de desigualdades, pensadas e planificadas tamén a escala local.
- 7** Cómpre unha **AVALIACIÓN** e **VALORACIÓN POSITIVA** a todo o alumnado para evitarmos incrementar a situación de desigualdade, vinculándoa con plans específicos durante o próximo curso escolar, que contemplan medidas de atención (reforzo educativo) axustadas ás necesidades que presente alumnado concreto. Evitemos as avaliacións inxustas, non equitativas e descontextualizadas. No caso dos cursos que implican titulacións, deben realizarse as probas tendo en conta, sobre todo, o currículo ata o 13 de marzo.
- 8** Resulta urxente a **TOMA DE DECISIÓNS CLARAS E CONSENSUADAS** por parte da Administración Educativa para a corrección das deficiencias do sistema e a comunicación fluída, directa e efectiva coa comunidade educativa.
- 9** Necesitamos **ESTUDAR** o acontecido con efectiva participación e consulta á comunidade educativa e axentes sociais para afrontarmos máis adecuadamente (currículos, recursos, profesorado, circunstancias familiares...) a situación que se pode dar en caso de se repetir algo semellante e que tería consecuencias no vindeiro curso.
- 10** É preciso aumentar os investimentos en materia de educación para construímos unha **ESCOLA PÚBLICA** que actúe como factor de integración, **INCLUSIVA** e **EQUITATIVA**.